

INFORMACIÓN SOBRE O ABASTECIMIENTO MUNICIPAL NO ANO 2023

En cumprimento do artigo 133 Anexo XI. Parte B.1. Información en líña ao cidadán por parte da administración local, a continuación amósanse os datos xerais e os datos do prezo da auga do abastecemento do Concello de Cariño.

Anexo XI. Parte B.1.

Ponto 2.a: INFORMACIÓN ACTUALIZADA.

O abastecemento municipal consta de 3 zonas:

- Zona Cariño_Cariño, que abastece ás parroquias de Cariño e a Pedra.
- Zona Cariño_Sismundi, que abastece a parroquia de Sismundi.
- Zona Cariño_Feás_Landoi, que abastece as parroquias de Feás e Landoi.

A continuación ímos ofrecer a información actualizada das tres zonas de abastecemento.

ZONA CARIÑO_CARIÑO.

Datos xerais da zona de abastecemento:

1º.- Estrutura e tipo de propiedade.

O Concello de Cariño é o propietario das infraestruturas que forman a zona de abastecemento Cariño_Cariño. Así mesmo, é o Concello o operador que xestiona a zona de abastecemento e tamén é quen denomina a rede no SINAC.

Os datos do Concello de Cariño son os seguintes:

Dirección: Avenida da Paz, nº2, C.P. 15.360 Cariño (A Coruña).

CIF: P-1509500C

Sitio web: www.concellodecarino.gal.

Os elementos que conforman a infraestructura da zona de abastecemento denominada Cariño_Cariño son os seguintes:

- Estacións de tratamento de auga potable: ETAP de Castro e ETAP de Tortela.
- ETAP de Castro: consta dun depósito de auga bruta, unha estación de tratamento da auga (con dúas liñas de filtración compostas cada una delas por dous filtros) e dun depósito de auga tratada (tamén denominado depósito de cabeceira).
- ETAP de Tortela: consta dun depósito de auga bruta, unha estación de tratamento da auga cun só filtro e un depósito de auga tratada (tamén denominado depósito de cabeceira).
- Depósitos de distribución: Depósitos de distribución de Campo de Monte, de Vilar e de Vila.
- Redes: consta de dúas redes. Unha abastece a parroquia da Pedra e a outra abastece a parroquia de Cariño. Non están malladas.

2º. Zona de abastecimento da que depende a red e poboación abastecida.

A zona de abastecemento Cariño_Cariño abastécese directamente das captacións de:

- Encoro de Cabaneiro.
- Encoro de Maciñeiras.
- Tres pozos de bombeo ubicados dentro do recinto da ETAP de Castro.
- Captación das Loías.

- Captación da Bacariza

A poboación abastecida é de 4.118 persoas.

3º. Consumo medio diario de un hogar en esa red de distribución, calculado de forma armonizada (l/hb/d).

O consumo anual de auga tratada no ano 2023 foi de 223.101 m³. Tendo en conta que a poboación abastecida é de 4.118 persoas, resulta que a media diaria de consumo de auga tratada é de 148 litros por persoa.

4º. Procesos unitarios de tratamento que son utilizados para a potabilización da auga:

ETAP de Castro:

- Aireación: Prodúcese no depósito de auga bruta da ETAP de Castro e serve para diminuír a presenza do ferro na auga.
- Coagulación: Prodúcese mediante a inxección de sulfato de alúmina no primeiro filtro de cada una das dúas liñas de filtración.
- Floculación: Prodúcese mediante a inxección de DK Almidón no segundo filtro de cada una das liñas de filtración.
- Filtración: prodúcese nos dous filtros existentes en cada una das liñas de filtración.
- Desinfección: Realízase mediante a inxección de cloro (hipoclorito sódico) na saída dos segundos filtros de cada una das liñas de filtración.
- Recloración: realízase unha recloración nos depósitos de distribución de Campo de Monte e de Vilar.

ETAP Tortela:

- Coagulación: Prodúcese mediante a inxección de policloruro de aluminio no filtro FAD da liña de filtración.
- Filtración: prodúcese no único filtro (Filtro FAD) existente.
- Desinfección: Realízase mediante a inxección de cloro (hipoclorito sódico) na saída do filtro.

5º. Tipo de orixe da auga.

Como xa se sinalou, a auga da zona de abastecemento Cariño_Cariño provén dos seguintes puntos:

- Encoro de Cabaneiro. A orixe da auga é do río Lourido e lévase á ETAP de Castro por gravidade.
- Encoro de Maciñeiras. A orixe da auga é do río/regato de Lodeiro e lévase á ETAP de Castro por gravidade.
- Tres pozos de bombeo. A orixe da auga é subterránea e lévase á ETAP de Castro mediante bombeo.
- Captación das Loías. A orixe da auga e do río Lourido e lévase á ETAP de Castro mediante bombeo.
- Captación da Bacariza. A orixe da auga é do río Soutullo e lévase á ETAP de Tortela por gravidade.

6º. O rendimento xeral do sistema de auga en términos de eficiencia e indicador de fugas estruturais.

Da auditoría realizada no ano 2023 para medir as perdas de auga na Zona de Abastecemento Cariño_Cariño concluíuse que o 41,41 % da auga tratada escapa ao control do Concello xa sexa por fugas, enganches ilegais, vivendas co contador avariado ou por retirar auga do abastecemento sen ter un contador que a compute (isto dáse no rego do paseo marítimo ou nas duchas das praias).

No ano 2023 instaláronse contadores en alta para saber con exactitude a cantidade de auga que se retira dos diversos tipos de captacións. Tamén se instalaron contadores en baixa en varios edificios públicos que carecían deles.

7º. Asesoramiento aos usuarios, sobre cómo reducir o consumo da auga, cando sexa apropiado, usar a auga de consumo de maneira responsable dacordo coas condicións locais.

Neste ano non se fixeron campañas para o aforro da auga.

8º. Evaluación de riscos da zona de abastecemento, si se ten elaborada, sinalando polo menos os peligros e as medidas correctoras e preventivas postas en marcha este año.

Os principais riscos nesta zona de abastecemento é a presenza de níquel na auga e a formación de trihalometanos debido á interacción do cloro coa materia orgánica. Esta circunstancia só pasae na auga que chega á ETAP de Castro.

No ano 2024 executouse o proxecto denominado "Reparación de filtros na ETAP de Castro" co fin de reducir o nivel de metais (ferro, aluminio e níquel) presentes na auga.

ZONA CARIÑO_SISMUNDI.

Datos xerais da zona de abastecemento:

1º.- Estrutura e tipo de propiedade.

O Concello de Cariño é o propietario das infraestruturas que forman a zona de abastecemento Cariño_Sismundi. Así mesmo, é o Concello o operador que xestiona a zona de abastecemento e tamén é quen denomina a rede no SINAC. A concesión da captación da auga do río Liñares é veciñal.

Os datos do Concello de Cariño son os seguintes:

Dirección: Avenida da Paz, nº2, C.P. 15.360 Cariño (A Coruña).

CIF: P-1509500C

Sitio web: www.concellodecarino.gal

Os elementos que conforman a infraestruturas da zona de abastecemento denominada Cariño_Sismundi son os seguintes:

- Estación de tratamento de auga potable: ETAP de Anella. Consta dunha estación de tratamento da auga composta por un filtro FAD e un depósito de auga tratada (tamén denominado depósito de cabeceira).
- Rede: consta dunha única rede que abastece a parroquia de Sismundi.

2º. Zona de abastecimento da que depende a red e poboación abastecida.

A zona de abastecemento Cariño_Sismundi abastécese directamente da captación de:

- Río Liñares e a auga chega á ETAP por gravidade.

A poboación abastecida é de 129 persoas.

3º. Consumo medio diario de un hogar en esa red de distribución, calculado de forma armonizada (l/hb/d).

O consumo anual de auga tratada no ano 2023 foi de 31.338 m³. Tendo en conta que a poboación abastecida é de 129 persoas, resulta que a media diaria de consumo de auga tratada é de 242,9 litros por persoa.

4º. Procesos unitarios de tratamento que son utilizados para a potabilización da auga na ETAP de Anella:

- Coagulación: Prodúcese mediante a inxección de policloruro de aluminio no único filtro existente.
- Filtración: prodúcese no único filtro (filtro FAD) existentes.
- Desinfección: Realízase mediante a inxección de cloro (hipoclorito sódico) na saída do filtro.

5º. Tipo de orixe da auga.

Como xa se sinalou, a auga da zona de abastecemento Cariño_Sismundi provén do seguinte puntos:

- Captación no Río Liñares e lévase á ETAP por gravidade.

6º. O rendimento xeral do sistema de auga en termos de eficiencia e indicador de fugas estruturais.

Da auditoría realizada no ano 2023 para medir as perdas de auga na Zona de Abastecemento Cariño_Sismundi concluíuse que o 100% da auga tratada non se contabiliza mediante contadores. Isto débese a que a concesión para a captación da auga e vecinal.

No ano 2023 instaláronse contadores en alta para saber con exactitude a cantidade de auga que se retira da captación.

7º. Asesoramiento as usuarios, sobre cómo reducir o consumo da auga, cando sexa apropiado, usar a auga de consumo de maneira responsable dacuerdo coas condicións locais.

Neste ano non se fixeron campañas para o aforro da auga

8º. Evaluación de riscos da zona de abastecemento, si se ten elaborada, sinalando polo menos os peligros e as medidas correctoras e preventivas postas en marcha este año.

Os riscos desta zona de abastecemento son os seguintes:

- Vandalismo, xa que en dúas ocasión se roperou a conducción que vai desde á captación ata a ETAP.
- Excesivo consumo de auga por parte de algún veciño xa que una media dun consumo de 242,9 litros/día por persoa é moi elevada.

ZONA CARIÑO_FEÁS_LANDOI.

Datos xerais da zona de abastecemento:

1º.- Estrutura e tipo de propiedade.

O Concello de Cariño é o propietario das infraestruturas que forman a zona de abastecemento Cariño_Feás_Landoi. Así mesmo, é o Concello o operador que xestiona a zona de abastecemento e tamén é quen denomina a rede no SINAC.

Os datos do Concello de Cariño son os seguintes:

Dirección: Avenida da Paz, nº2, C.P. 15.360 Cariño (A Coruña).

CIF: P-1509500C

Sitio web: www.concellodecarino.gal.

Os elementos que conforman a infraestruturas da zona de abastecemento denominada Cariño_Feás_Landoi son os seguintes:

- Depósito de auga bruta: este depósito serve para engadir coagulante (policloruro de aluminio) cando é preciso e tamén serve como depósito de decantación. Nas épocas nas que non se precisa engadir coagulante este depósito serve como depósito de decantación.

- Estación de tratamento de auga potable: ETAP de Orxeiro. Consta cunha estación de tratamento da auga composta por un filtro FAD e un depósito de auga tratada (tamén denominado depósito de cabeceira).
- Rede: consta dunha única red que abastece as parroquias de Feás e Landoi.

2º. Zona de abastecimento da que depende a red e poboación abastecida.

A zona de abastecemento Cariño_Feás_Landoi abastécese directamente das captacións de:

- Captación no Río Zarza.
- Captación no río Zarza denominada Zarza 1.
- Captación no río Zarza denominada Zarza 2.

A poboación abastecida é de 387 persoas.

3º. Consumo medio diario de un hogar en esa red de distribución, calculado de forma armonizada (l/hb/d).

O consumo anual de auga tratada no ano 2023 foi de 18.456 m³. Tendo en conta que a poboación abastecida é de 387 persoas, resulta que a media diaria de consumo de auga tratada é de 47,68 litros por persoa. Este dato é tam o 53,84% da auga abastecida non se contabiliza nos contadores.

4º. Procesos unitarios de tratamento que son utilizados para a potabilización da auga na ETAP de Orxeiro:

- Coagulación e decantación: A coagulación Prodúcese no depósito de auga bruta mediante a inxección de policloruro de aluminio e a decantación é por gravidade.
- Filtración: prodúcese no único filtro existente.
- Desinfección: Realízase mediante a inxección de cloro (hipoclorito sódico) na saída do filtro.

5º. Tipo de orixe da auga.

Como xa se sinalou, a auga da zona de abastecemento Cariño_Feás_Landoi provén dos seguintes puntos:

- Río Zarza e lévase á ETAP por gravidade.
- Zarza 1 e lévase á ETAP por gravidade.
- Zarza 2 e lévase á ETAP por gravidade.

6º. O rendimento xeral do sistema de auga en términos de eficiencia e indicador de fugas estruturales.

Da auditoría realizada no ano 2023 para medir as perdas de auga na Zona de Abastecemento Cariño_Feás_Landoi concluíuse que o 53,84 % da auga tratada escapa ao control do Concello xa sexa por fugas, enganches ilegais ou vivendas co contador avariado.

No ano 2023 instaláronse contadores en alta para saber con exactitude a cantidade de auga que se retira dos diversos tipos de captacións.

7º. Asesoramiento as usuarios, sobre cómo reducir o consumo da auga, cando sexa apropiado, usar a auga de consumo de maneira responsable dacuendo coas condicións locais.

Neste ano non se fixeron campañas para o aforro da auga

8º. Evaluación de riscos da zona de abastecemento, si se ten elaborada, sinalando polo menos os peligras e as medidas correctoras e preventivas postas en marcha este año.

O principal risco é a formación de trihalometanos. Para evitar isto mellorouse a limpeza do fondo do depósito de auga bruta e instalouse una boca de rega nun tramo da rede co fin de eliminar a materia orgánica que se poidera estar acumulando na rede nesa zona.

Anexo XI. Parte B.1.

Ponto 2.b: DATOS SOBRE O PREZO DA AUGA.

Datos sobre el precio del agua.

1º. Periodicidade da factura; conceptos contidos na factura (abastecemento, saneamento e outros) e se consta o consumo dese domicilio;

Periodicidade da factura: Cuadrimestral.

Conceptos:

- Canon xestión depuración de auga residual doméstica cuota fixa.
- Canon xestión depuración de auga residual doméstica cuota variable.
- Canon doméstico cuota fixa da auga de abastecemento.
- Canón doméstico cuota variable da auga de abastecemento
- Recollida de lixo.
- Mantemento de sumidoiros cuota fixa.
- Tratamento de auga de abastecemento cuota fixa.
- CPM: cuota de mantemento do abastecemento.
- Tarifa auga do abastecemento cuota fixa
- Tarifa auga do abastecemento cuota variable.

2º. Enlace ao sitio web da publicación da aprobación de prezos de todos os servizos do ciclo urbano da auga.

[Ordenanzas \(dacoruna.gal\)](http://dacoruna.gal)

3º. Prezo en euros/litro, e euros /m³ o que supón unha factura de 7m³, 15m³ e 30 m³ mensuais;
Importe do consumo: Será o resultado de multiplicar o volume de auga consumido pola tarifa aplicable.

TARIFAS

Uso domestico

De 0 a 10 m³: 0,12 euros/m³/mes.

De 10 a 30 m³: 0,30 euros/m³/mes.

De 30 a 90 m³: 0,60 euros/m³/mes.

De 90 m³ en diante: 0,90 euros/m³/mes.

4º. Medidas que se tomaron polo operador en relación coas medidas para asegurar o acceso a todos á auga de consumo, ao apoio e defensa de dito acceso aos vulnerables ou en risco de exclusión social e ao fomento da auga de grifo e grado de cobertura dos costes.

A día de hoxe tódalas vivendas do Concello contan con suministro de auga tratada, agás:

- Núcleo do Pousadoiro con 6 habitantes.
- Núcleo de Castro con 2 habitantes.
- Núcleo da Vacariza con dous habitantes.
- Núcleo de San Xiao cun establecemento de hostelería.
- Núcleo do Plantío con 2 habitantes.

5º. Bonificacións á factura a grupos vulnerables no ano anterior e tipos de bonificacións.

O Concello non ten bonificacións no recibo da auga máis a Xunta de Galicia sí ten bonificacións no concepto do canon da auga.